



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

XVII Limpeza simultánea de ríos. Setembro 2024

Proxecto Ríos





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

O obxectivo desta actividade é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza.

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 29 de setembro de 2024 realizouse a **XVII Limpeza Simultánea de Ríos** en 56 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando a máis de 70 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Santiago de Compostela, Pontevedra ou Pontearreas, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **71 treitos de río** e participaron **1322 persoas**.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes dezasete anos pódese observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2024 volveron a aparecer moitas rodas de automóviles, e outros voluminosos.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o [Protocolo de Actuación](#) que se pode descargar en PDF. As persoas participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza '**Móllate polos ríos**'.

Ao longo das 17 edicións da Limpeza Simultánea de Ríos, ADEGA e Proxecto Ríos puideron observar unha pequena diminución de lixo nos treitos dos ríos nos que se actuou, pero as cantidades recollidas seguen sendo preocupantes. O voluntariado atopou refugallos moi variados e, coma sempre, abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Tamén apareceron rodas, cristais e latas, pilas, restos de madeira e mobles, ferralla, sinais de tráfico, pezas das torres de alta tensión, uralitas, roupa, calzado, etc.

As toallíñas húmidas para hixiene persoal volveron aparecer en abundancia, xunto coas compresas e tampóns, e mesmo máscaras. Dende ADEGA facemos un chamamento a



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

reflexionar como sociedade sobre o uso destes materiais e, sobre todo, sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles. Tiralos polo retrete só fará que rematen nos nosos ríos e contaminan os cauces e ribeiras.

Calcúlase que os residuos de tódolos concellos suman un total de máis de **10 toneladas**, mais o principal obxectivo da actividade non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, pero si unha masa de xente que pode axudar a concienciar á cidadanía. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso dende o Proxecto Ríos e ADEGA promóvense actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, empregando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, etc... Este ano, como no anterior, pedimos que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Estrada, Allariz, Ames, Ares, Cangas do Morrazo, Fene, Gondomar, Meis, Melide, Miño, Moaña, Narón, Nigrán, Ourense, Pontecesures, Pontevedra, Rianxo, Salceda de Caselas, San Sadurniño, Compostela, Soutomaior, Tomiño e Verín.

Proxecto Ríos é un proxecto que conta co apoio de Augas de Galicia a Deputación da Coruña e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil

Pero sobre todo é destacable o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudaron entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen eles esta iniciativa non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**

Moitas Grazas!!



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:

CONCELLO	Colectivo	Río	Voluntarios/as	kg
A Cañiza	Fundación MundoNatura	Calvo		
A Coruña	Semente Corunha	Mesoiro	12	175
A Estrada	Asociación pola Defensa do Val do Liñares	Regato de Tabeirós	18	200
A Guarda	Asociación A Jalleira	Tamuxe	15	120
A Merca	Asociación Xuvenil Xoldreira	Arnoi	16	120
A Pobra de Trives	IES Xermán Ancochea Quevedo	Fiscaíño e o Cabalar	18	30
A Pobra de Trives	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	Fiscaíño e o Cabalar	68	60
Allariz	Veciños Allariz + Concello Allariz	Arnoia	7	20
Ames	Concello de Ames	Ameneiral, Andoriña e Pasos		
Ares	Asociación Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro	Frades	16	50
Baamonde	CERCUD Baamonde	Parga	8	85
Barreiros	ADEGA a Mariña	Rego de Santo Estevo do Ermo	14	1
Betanzos	Fragas do Mandeo	Mendo	20	506
Cambre	G.N.Hábitat	Mero	11	121
Cangas	ANPA A Rúa	Rego das Saiñas	44	250
Carral	Asociación Brexa	Barcés	12	225
Castro de Rei	Sociedade Deportiva Cultural Amigos do Miño	Miño	16	150
Catoira	LimpiArousa	Ulla	15	90



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Cenlle	Asociación veciñal de Lentille	Regato de Lentille	9	130
Cerdedo Cotobade	Asociación Couto da Eirexiña	Almofrei	14	35
Culleredo	ADEGA Coruña	Logoa Culleredo	11	100
Fene	AETNA	Baa	10	120
Fene	Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico BETULA	Baa		
Folgo do Courel	CPI Poeta Uxío Novoneyra	Moreda		
Gondomar	A Groba / voluntarios de proxecto ríos de Gondomar	Zamáns e Miñor	20	750
Gondomar	Asociación Pedraghullo	Zamáns		
Outes	ReNatur_Outes	Tins	19	100
Lugo	ADEGA Lugo	Río Rato	6	500
Lugo	UNED de Lugo e Coidemos Lugo	Miño	15	220
Marin	Asemblea Veciñal da Torre	Loira	11	50
Marin	G. C. RONSEL de Seixo	Loira	22	80
Meis	CEIP Armenteira	Armenteira	38	30
Meis	CPI Mosteiro de Meis	Rego de San Tomé	29	270
Melide	IES de Melide	Furelos		
Melón	Asociación de veciños de Penavaqueira	Cerves	19	100
Moaña	Proxecto Rialdarca+ ADEGA Vigo-Morrazo + Concello de Moaña	Rialdarca	25	200
Monforte de Lemos	Salvemos el Malecon	Cabe	12	500
Muros	CEIP Plurilinguee e Louro	Longarela	38	20
Narón	Concello de Narón	Freixeiro	40	500
Neda	G.N.Hábitat +Semente Trasancos	Belelle	20	14,75



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Negreira a Baña	A.C. Afonso Eanes + A.C. Son Terra	Barcala e Tambre		
Nigrán	Concello de Nigrán	Muíños	6	80
O Grove	IES as Bizocas	Bizocas	49	80
O Irixo	Asociación de Mulleres Rurais A Madrigueira	Viñao	23	200
Ourense	Aula da Natureza do Río Miño	Miño		
Ourense	Ecovigilantes de Franciscanas de Ourense	Miño	50	73
Ponteareas	Plataforma Defendendo o Tea	Tea	9	500
Ponteareas	Xe Patrimonial	Xinzo	11	100
Pontecesures	Concello de Pontecesures	Ulla	14	100
Pontevedra	CS A Pedreira + Asociación Veciñal Altamira-San Antoniño	Rego Valdecorvos	23	700
Pontevedra	Vaipolorío e a Fundación Juan XXIII de Pontevedra	Gafos		
Redondela	IES Illa de San Simón	Maceiras	17	200
Rianxo	Asociación de veciños do Araño	Té	8	150
Ribadeo	CEIP Gregorio Sanz + ANPA Gregorio Sanz	Rego de Vilaselán	46	50
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés	Umia	14	300
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	Landres e Caselas	15	50
San Sadurniño	Concello San Sadurniño	Xuvia	6	10
Santiago de Compostela	AFA Montessori	Sar	26	250
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela + Escola a Semente	Corgo	26	72
Santiago de Compostela	AA.VV. Rio Sarela	Sarela	9	100
Sarria	Asoc. Cultural Create	Sarria	Adiada	Adiada
Soutomaior	Concello de Soutomaior	Verdugo e o Oitavén	50	200
Tomíño	Concello de Tomiña	Pego	8	28



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Tomioño	CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián + CEIP Plurilingüe de Tebra	Pego	117	53
Tordoia	A.C. Brisas do Quenllo da Pontraga	Lengüelle	6	160
Valga	Muíño Didáctico de Campaña	Valga	7	70
Verín	Asoc. Centro Desarrollo Rural Portas Abertas	Támega	15	300
Verín	CPR María Inmaculada "Os pioneiros do Támega"	Támega	40	6
Vigo	ADEGA Vigo	Lagares	15	200
Vilalba	ANPA del CEIP A Insua Bermúdez	Madalena	44	150
Xunqueira de Ambía	BNG Xunqueira de Ambía	Arnoia		
		Total	1322	10104,75



Fotos dos grupos participantes



A Coruña - Semente Corunha



A Estrada- Asociación pola Defensa do val do Liñares





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

A Guarda- Asoc. A Jalleira



A Merca- Asociación Xuvenil Xoldreira





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Allariz - Veciños de Allariz + Concello de Allariz



Baamonde - CERCUD Baamonde





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Barreiros - ADEGA A Mariña



Cambre - G.N. Hábitat





Cangas - ANPA A Rúa



Carral-Asociación Brexa





Castro de Rei - Sociedade Deportiva Cultural Amigos do Miño



Catoira - LimpiArousa





Cenlle - Asociación veciñal de Lentille



Cerdedo Cotobade - Asociación Couto da Eirexiña





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Culleredo - ADEGA Coruña



Fene - AETNA





Gondomar- A Groba / Voluntarios do proxecto ríos de Gondomar



Lugo- ADEGA-Lugo





Marín - Asemblea Veciñal da Torre



Marín- Grupo Cultural Ronsel de Seixo





Meis - CPI Mosteiro de Meis



Melón - Asociación de veciños de Penavaqueira





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Moaña - Proxecto Rialdarca + ADEGA Vigo-Morrazo + Concello de Moaña



Monforte de Lemos - Salvemos el Malecón





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Neda - G.N. Hábitat + Semente Trasancos



Nigrán - Concello de Nigrán





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

O Irixo - Asociación de Mulleres Rurais A Madrigueira



Ourense - Ecovigilantes de Franciscanas de Ourense





Outes - ReNatur_Outes



Pontareas - Plataforma Defendendo o Tea





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Ponteareas - Xe Patrimonial



Pontecesures - Concello de Pontecesures





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Pontevedra - CS A Pedreira + Asociación Veciñal Altamira-San Antoniño



Redondela - IES Illa de San Simón





Rianxo - Asociación de veciños do Araño



Ribadeo - CEIP Gregorio Sanz + ANPA Gregorio Sanz





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Ribadumia - Colectivo Ecoloxista do Salnés



Salceda de Caselas - Asociación Trezecatorze





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Santiago de Compostela - AFA Montessori



Santiago de Compostela - ADEGA Compostela + Escola a Semente





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Santiago de Compostela - AA. VV. Río Sarela



Soutomaioir - Concello de Soutomaioir





Tomiño - Concello de Tomiño



Tomiño - CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián + CEIP Plurilingüe de Tebra





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Tordoia - A.C. Brisas do Quenllo da Pontraga



Valga - Muíño Didáctico de Campaña





XVII Limpeza Simultánea de Ríos

Verín - Asociación Centro Desarrollo Rural Portas Abertas



Vigo - ADEGA Vigo





Vilalba - ANPA del CEIP A Insua Bermúdez





Páxina web da Limpeza.

Móllate polor Ríos

proxectorios

LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS

Móllate polos ríos Limpezas de río Participantes e resultados do 2024 Colaboradores 2024 Limpezas realizadas Contacto

proxectorios

LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS

Móllate polos ríos Limpezas de río Participantes e resultados do 2024 Colaboradores 2024 Limpezas realizadas Contacto

Buscar

CONCELLO ↕	Colectivo ↕	Río ↕	Número persoas Voluntarias ↕	kg\$
A Cañiza	Fundación MundoNatura	Calvo		
A Coruña	Semente Corunha	Mesoíro	12	175
A Estrada	Asociación pola Defensa do Val do Liñares	Regato de Tabeirós	18	200
A Guarda	Asociación A Jalleira	Tamuxe	15	120
A Merca	Asociación Xuvenil Xoldreira	Arnoi	16	120
A Pobra de Trives	IES Xermán Ancochea Quevedo	Fiscaíño e o Cabalar	18	30
A Pobra de Trives	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	Fiscaíño e o Cabalar	68	60
Allariz	Veciños Allariz + Concello Allariz	Arnoia	7	20
Ames	Concello de Ames	Ameneiral, Andoriña e Pasos		
Ares	Asociación Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro	Frades	16	50

« 1 2 3 4 5 6 ... »



XVII Limpeza Simultánea de Ríos

**ADEGA**
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

[Radio Cerna](#) [ADEGA Cadernos](#) [Facebook](#) [Twitter](#) [Instagram](#)
[CernaTV](#) [Revista Cerna](#)
[Outras publicacións](#) [#EuFicoNaCasaConADEGA](#)

 [Avanzada](#)[INICIO](#) [ORGANIZACIÓN](#) [NOVAS](#) [AXENDA](#) [ÁREAS TEMÁTICAS](#) [PROXECTOS](#) [CAMPAÑAS](#) [MULTIMEDIA](#) [PASA Á ACCIÓN](#)

Inicio / Buscador / Máis de 800 persoas voluntarias recollen case 8...

30-09-2024

Máis de 800 persoas voluntarias recollen case 8 toneladas de lixo na XVII Limpeza Simultánea de Ríos do Proxecto Ríos e ADEGA

A organización ecoloxista pide o compromiso das administracións para unha xestión sostible dos residuos e para o coidado dos nosos ecosistemas fluviais.

Un ano máis, ADEGA e Proxecto Ríos conseguen mobilizar centos de persoas para *mollarse polos ríos* ao longo de toda a xeografía galega no marco da **XVII Limpeza Simultánea de Ríos**, que tivo lugar este pasado domingo, 29 de outubro. Grandes grupos e outros máis cativos, rapazada nova e persoas máis maiores, xuntáronse nunha das grandes xornadas de voluntariado ambiental do país cun mesmo obxectivo: coidar dos nosos ríos e concienciar á sociedade da necesidade de facer unha xestión sostible do lixo para que a nosa natureza estea ben conservada.

A XVII Limpeza Simultánea de Ríos desenvolveuse ao longo de 56 concellos de toda Galiza coordinada pola organización ecoloxista ADEGA e organizada por unha rede de entidades, asociacións, fundacións, centros de ensino... que se uniron á limpeza e reuniron voluntariado de cada lugar de Galiza para limpar os ríos do seu ámbito xeográfico. Foron, en total, **máis de 70 as entidades involucradas** nesta limpeza simultánea, que xuntou 800 persoas e na que se recolleron case **8 toneladas de lixo**. Moitas destas entidades son asiduas nesta convocatoria anual, pero outras moitas apadriñaron ríos por primeira vez neste 2024, o que evidencia o éxito das actividades de voluntariado ambiental, a medrar ano tras ano.



Aínda hai moito lixo nos ríos e moita cidadanía á que concienciar

Ao longo das 17 edicións da Limpeza Simultánea de Ríos, ADEGA e Proxecto Ríos puideron observar unha **pequena diminución de lixo** nos treitos dos ríos nos que se actuou, pero as cantidades recollidas seguen sendo preocupantes. O voluntariado atopou refugallos moi variados e, coma sempre, abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Tamén apareceron rodas, cristais e latas, pilas, restos de madeira e mobles, ferralla, sinais de tráfico, pezas das torres de alta tensión, uralitas, roupa, calzado, etc.

As **toallíñas húmidas para hixiene persoal** volveron aparecer en abundancia, xunto coas **compresas e tampóns**, e mesmo máscaras. A organización ecoloxista ADEGA fai un chamamento a reflexionar como sociedade sobre o uso destes materiais e, sobre todo, sobre a **luz que empregamos para desinfectar as mans**. Tiralas polo retrete é





ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 23 concellos que axudaron na XVII Limpeza Simultánea de Ríos.

The screenshot shows the website for the XVII Simultaneous River Cleanup. At the top, there is a navigation bar with the following links: [Móllate polos ríos](#), [Limpezas de río](#), [Participantes e resultados do 2024](#), [Colaboradores 2024](#), [Limpezas realizadas](#), and [Contacto](#). Below the navigation bar is a banner with the event title 'XVII LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS GALIZA • 29 SETEMBRO • 2024' and an illustration of a woman's face. The main content area is divided into two sections: 'ORGANIZAN:' and 'ACTUACIÓN FINANCIADA POR:'. The 'ORGANIZAN:' section features the logos for 'proxectoríos' and 'ADEGA'. The 'ACTUACIÓN FINANCIADA POR:' section features the logos for 'augasdegalicia', the Galician coat of arms, 'Deputación DA CORUÑA', and the Spanish government logo for the Ministry of Ecological Transition and Demographic Challenge.

ORGANIZAN:

- proxectoríos
- ADEGA

ACTUACIÓN FINANCIADA POR:

- augasdegalicia
- Galicia
- Deputación DA CORUÑA
- VICERREXENCIA QUARTA DO GOBERNO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O DESAFÍO DEMOGRÁFICO COMISIÓN DE ENCOMENDA DO PRATO BICO



XVII Limpeza Simultánea de Ríos



LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS

- Móllate polos ríos
- Limpezas de río
- Participantes e resultados do 2024
- Colaboradores 2024
- Limpezas realizadas
- Contacto

COLABORAN:

 Concello de A Estrada	 Concello de Alariz	 Concello de Amoaño	 Concello de Arzúa	 Concello de Cangas	 Concello de Fene
 Concello de Gondomar	 Concello de Meis	 Concello de Melide	 Concello de Miño	 Concello de Moaña	 Concello de Narón
 Concello de Nigrán	 Concello de Ourense	 Concello de Ponteceso	 Concello de Pontevedra	 Concello de Rianxo	 Concello de Salceda de Caselas
 Concello de San Sadurn de Noya	 Concello de Santiago	 Concello de Soutomaior	 Concello de Tomiño	 Concello de Verín	

Proxecto Ríos
Avda. de Castela 20, baixo
15704. Santiago de Compostela
981 57 00 99